

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC) PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS ESTRATÉXICAS DE I+D+i (2021)

Santiago de Compostela, [data/sinatura dixital]

COMPARECEN

Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, (Consellería) nomeado mediante o Decreto 112/2020, do 6 de setembro (DOG núm. 181 do 7 de setembro), de acordo co disposto no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e no acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, publicado pola Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991 (DOG núm. 82, do 30 de abril).

Antonio López Díaz, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela (USC), nomeado mediante Decreto 57/2018, de 31 de maio (DOG núm. 106, do 5 de xuño), en representación desta, en virtude das facultades que lle confire o artigo 20.1 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que teñen conferidas e

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- As universidades que integran o Sistema universitario de Galicia (SUG) son entidades que forman parte do sector público institucional que realizan actividades de investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico o que as configura como un dos principais axentes xeradores de coñecemento en Galicia.

En Galicia, a universidade pública é o lugar onde máis se investiga. O impulso da actividade investigadora é un obxectivo irrenunciable para calquera sociedade e por iso é necesario fomentar unha maior integración entre os centros de investigación e os sectores produtivos, incidir na cultura da calidade e eficacia na utilización das infraestruturas e do capital humano que permitan unha mellora significativa na totalidade dos sectores produtivos e, a súa vez, a potenciación dunha universidade galega de calidade.



SEGUNDO.- A Secretaría Xeral de Universidades é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para a ordenación, planificación e execución das competencias en materia de universidades e ensinanzas universitarias correspondentes á Consellería de Cultura, Educación e Universidade en relación coas atribuídas polo artigo 31 do Estatuto de Autonomía de Galicia. A Secretaría Xeral de Universidades, de acordo coas competencias que lle outorgou o Decreto 198/2020, do 20 de novembro, de estrutura orgánica da Consellería, debe velar pola promoción e xestión eficiente e integradora dos recursos e capacidades de investigación do SUG para a súa posta en valor no marco do sistema de innovación e, particularmente, a promoción da coordinación das universidades galegas no establecemento de programas, infraestruturas e actuacións en materia de investigación.

TERCEIRO.- Na actualidade a investigación configúrase como fundamento da docencia e como medio para o desenvolvemento científico e cultural da sociedade, a través da transferencia de coñecemento. O sistema público de I+D en Galicia, no ámbito universitario, ven amosando unha mellora da capacidade investigadora e dos seus resultados tanto pola adecuada estruturación dos recursos e da actividade de investigación coma pola mellora da súa calidade.

Compre, polo tanto, contar cun conxunto de medidas e accións concretas a desenvolver por actores específicos para mellorar as infraestruturas, intensificar a actividade investigadora e aumentar a produtividade científica mediante a diversificación na chegada de recursos.

CUARTO.- Con cargo aos orzamentos de investigación da Consellería, cada ano iníciáanse accións encamiñadas a financiar a investigación universitaria, xa sexa mediante convocatorias de concorrencia competitiva ou convenios de colaboración.

En consecuencia, a Consellería vén negociando coas Universidades do SUG, a sinatura de convenios de colaboración, co fin de apoiar as súas estratexias de investigación. Estes convenios establécense en función das necesidades e peculiaridades específicas de cada unha delas, podendo ter carácter anual ou plurianual, dependendo das propias características das actividades financiadas ou das necesidades conxunturais de cada universidade.

Polo tanto, as actuacións en I+D+i que se recollen nos distintos convenios responden a finalidades concretas e diferenciadas, aínda que algunhas destas accións poidan dar continuidade a outras xa iniciadas con anterioridade.

QUINTO.- Que Horizonte Europa (HE) 2021-2027 é o programa marco de Investigación e Innovación da UE para reforzar as súas bases científicas e o Espazo Europeo de Investigación; impulsar a capacidade de innovación, a competitividade e o emprego en Europa; e cumprir coas prioridades da cidadanía, así como soste os nosos



valores e o modelo socio-económico. O programa está baseado en tres piares: Ciencia excelente, Desafíos mundiais e competitividade industrial europea e Europa innovadora. Sobre estes piares debe fundamentarse o apoio á investigación e á innovación.

SEXTO.- Estímase que as actuacións previstas no presente convenio son coherentes co Plan estratéxico de Galicia 2015-2020 (que se atopa en fase de definición e lanzamento para os vindeiros anos), correspondéndose co seu Eixo E1 (“Empregabilidade e crecemento intelixente”), Prioridade de actuación PA01 (“Impulso de consolidación das políticas de gasto vencelladas a I+D+i”), no obxectivo estratéxico OE02 (“Mellorar a capacidade investigadora e os resultados da investigación universitaria galega”).

SÉTIMO.- Que para garantir a produción dunha investigación de calidade por parte do sistema galego de I+D+i é esencial contar con estratexias e estruturas eficaces que xeren unha contorna favorable á investigación e fortalezan un sistema integral que garanta a excelencia científica.

En consecuencia, a Consellería plantexa un programa de impulso das estratexias de I+D+i coas tres universidades para impulsar accións de ordenación, estruturación e potenciación da investigación.

Co fin de facilitar a planificación estratéxica, a proposta da Consellería é de establecer un convenio con accións para as anualidades 2021-2022.

A Universidade de Santiago de Compostela presenta un programa de necesidades da actividade investigadora unicamente para a anualidade 2021.

Por conseguinte, as partes abaixo asinantes acordan subscribir o presente convenio, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto do convenio

O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería e a USC para o desenvolvemento de actuacións estratéxicas de I+D+i co fin de mellorar as infraestruturas, intensificar a actividade investigadora e aumentar a produtividade científica mediante a diversificación na chegada de recursos.

O orzamento será de 3.186.768,00 €, para a anualidade 2021, coas actuacións que se resumen no seguinte cadro:



ACTUACIÓNS		2021
1. ACTUALIZACIÓN INFRAESTRUTURAS CIENTÍFICAS		
1.1. Infraestruturas científicas	Actualización cromatógrafo de gases (efecto invernadero)	27.203,00
	Renovación/mellora cámara temperatura controlada ensaios ecotoxicidade	17.000,00
	Renovación sistema cromatográfico de tipo HPLC por sistema ultraHPLC	45.825,00
	Mellora capacidades área de microscopía electrónica de transmisión	42.775,00
	Equipamento laboratorio de procesado de materiais	18.724,00
	Equipamento para estabulación e lavado de animais	22.000,00
	Subtotal	173.527,00
1.2 Plataforma L2A2	Actualización/mellora dos servizos ofertados dende o L2A2	44.000,00
1.3 Lab. neurociencias	Instrumentación laboratorio	200.000,00
1.4. Lab.instrumentac.	Instrumentación laboratorio de robótica	80.000,00
1.5. Aula prod. lácteos	Pequena instrumentación	19.000,00
1.6. Estac. biolóxicas	Pequena instrumentación e actualización de equipos	15.000,00
	Subtotal	358.000,00
Subtotal actualización e renovación infraestruturas		531.527,00
2. CAPTACIÓN E RETENCIÓN DE TALENTO		
2.1. Apoio talento	Apoio programa <i>Beatriz Galindo</i>	30.000,00
	Bolsas de iniciación á investigación (master)	47.000,00
2.2. Conv. proxectos	Convocatorias específicas carácter internacional (ERC, COFUND, etc.)	20.000,00
	Subtotal accións Talento	97.000,00
3. REDEFINICIÓN ESTRUTURAS INVESTIGACIÓN		
3.1 Reforzo estruturas xestión novos centros	Técnicos de xestión	33.667,00
3.2 Transformación agrupacións estratéxicas	Accións de inicio de actividade	180.000,00
3.3. Creación novos institutos investigación	Accións de inicio de actividade	40.000,00
3.4. Apoio aos centros interuniversitarios	Accións de posta en marcha dos centros	163.190,00
3.5. Plans estratéxicos Institutos	Actualización plans estratéxicos	15.000,00
	Panel de avaliación	15.000,00
	Subtotal accións estruturas investigación	446.857,00
4. ACCIÓNS TRANSVERSAIS I+D+i		
4.1 Axudas investigación	Axudas uso infraestruturas científicas	40.000,00
	Axudas publicacións Q1 en aberto	40.000,00
	Programa axudas á difusión da investigación na USC	20.000,00
	Subtotal axudas investigación	100.000,00



4.2. Dinamización	Dinamización Rede OTRI SUG	9.000,00
	Xornada de portas abertas e bolsas de verán	80.000,00
	Programa de activación cultura emprendedora	25.000,00
	Apoio experimento en microgravidade	20.000,00
	Mellora docencia inglés nos graos e comp. transversais doutoramentos	45.000,00
	Accións de mellora da calidade dos masters	17.500,00
Subtotal accións dinamización		196.500,00
Subtotal accións transversais I+D+i		296.500,00
5. ACCIÓN NOS GRAOS		
5.1. Campus Lugo	Técnico FP Robótica apoio laboratorios	19.000,00
	Accións Grao en Robótica. Laboratorios	131.520,00
	Accións Grao en Bioquímica. Laboratorios	187.053,00
	Accións Facultade Veterinaria. Simulador	49.864,00
	Accións Grao en Empresa e Tecnoloxía	29.300,00
Subtotal accións novos graos		416.737,00
6. OBRAS SINGULARES		
6.1. IGFAE	Obras sede IGFAE	460.000,00
6.2. Lab. Radiofísica	Obras de ampliación plataforma tecnolóxica de Radiofísica	50.000,00
6.3. Espazos investigac.	Obras de adecuación de diferentes espazos de investigación	172.000,00
Subtotal obras investigación		682.000,00
7. COMPLEXO UNIVERSITARIO FONTÁN		
7.1. Adecuación espazos	Instalación de electrónica e comunicacións	119.723,00
	Mobiliario e equipamento singular	596.424,00
Subtotal Fontán		716.147,00
TOTAL FINAL		3.186.768,00



SEGUNDA.- Actuacións

As accións contempladas neste convenio recollen as liñas xerais de colaboración en I+D+i (7) coa Universidade Santiago para a anualidade 2021, tal e como se detalla a continuación:

1. ACTUALIZACIÓN INFRAESTRUTURAS CIENTÍFICAS

Esta achega distribuirase:

1. ACTUALIZACIÓN INFRAESTRUTURAS CIENTÍFICAS		
1.1. Infraestruturas científicas	Actualización cromatógrafo de gases (efecto invernadoiro)	27.203,00
	Renovación/mellora cámara temperatura controlada ensaios ecotoxicidade	17.000,00
	Renovación sistema cromatográfico de tipo HPLC por sistema ultraHPLC	45.825,00
	Mellora capacidades área de microscopía electrónica de transmisión	42.775,00
	Equipamento laboratorio de procesado de materiais	18.724,00
	Equipamento para estabulación e lavado de animais	22.000,00
	Subtotal	173.527,00
1.2 Plataforma L2A2	Actualización/mellora dos servizos ofertados dende o L2A2	44.000,00
1.3 Lab. neurociencias	Instrumentación laboratorio	200.000,00
1.4. Lab. instrumentac.	Instrumentación laboratorio de robótica	80.000,00
1.5. Aula prod. lácteos	Pequena instrumentación	19.000,00
1.6. Estac. biolóxicas	Pequena instrumentación e actualización de equipos	15.000,00
	Subtotal	358.000,00
	Subtotal actualización e renovación infraestruturas	531.527,00

As actuacións a levar a cabo son:

1.1. Infraestruturas científicas:

i. Actualización cromatógrafo de gases para cuantificación de gases efecto invernadoiro: distintos grupos da USC centran a súa actividade no fortalecemento das capacidades do sector primario e no desenvolvemento de tecnoloxías ambientais que permitan minimizar os impactos a través da I+D. A redución de gases efecto invernadoiro é unha prioridade das políticas públicas ambientais.

A unidade de análise instrumental da área de infraestruturas de investigación da USC ten un equipo de cromatografía de gases que permite a análise e cuantificación do CH₄. Para poder analizar os outros gases de efecto invernadoiro, e tamén o CH₃, é necesaria unha ampliación deste equipo, consistente na instalación duns *kits* de válvulas, columnas, inxectores e detectores necesarios para separación e cuantificación dos mesmos. Tamén se



instalará no ordenador de control unha aplicación informática específica para medición destes contaminantes

ii. Renovación e mellora da cámara de temperatura controlada para realizar ensaios de ecotoxicidade: na unidade de microscopía electrónica e confocal e de apoio ás especialidades biolóxicas da USC lévanse a cabo ensaios de ecotoxicidade (OECD 207) para os cales se precisa ter unha cámara de temperatura controlada para a reprodución e mantemento de vermes. A cámara de temperatura controlada dispón dun sistema compartido con outros laboratorios e conta cun control de temperatura centralizado. Para obter un unha mellor reproducibilidade e mellor control dos rangos de temperaturas é necesario contar cun sistema de climatización e control de temperatura da cámara individualizado, dotado dun sistema de iluminación *led* programable e regulable de modo automático. Tamén se levará a cabo a instalación dun mesado de laboratorio completo necesario para levar a cabo a preparación das mostras e ensaios.

iii. Renovación dun sistema cromatográfico de tipo HPLC por un sistema ultraHPLC: substitución de antigos sistemas de HPLC por un ultraHPLC con capacidade para traballar a presións que duplican ou triplican o sistema antigo.

iv. Mellora nas capacidades de análise da área de microscopía electrónica de transmisión: a área de infraestruturas de apoio á investigación conta cun microscopio electrónico de alta resolución Zeiss modelo LIBRA 200FE, en funcionamento dende 2008, co cal se prestan servizos avanzados de microscopía electrónica (TEM e STEM).

Preténdense levar a cabo unha serie de intervencións encamiñadas a mellorar as capacidades deste equipo: determinación da influencia dos campos magnéticos residuais no seu funcionamento; solucións para contrarrestar a influencia dos campos magnéticos residuais (instalación dunha gaiola de Faraday); determinación da influencia dos cambios ambientais (vibracións, cambios de temperatura e humidade); e, solucións para contrarrestar a influencia dos cambios ambientais (instalacións de illadores de vibracións, climatización, etc.)

v. Equipamento dun laboratorio de procesado de materiais: a área de infraestruturas de investigación non conta na actualidade cun laboratorio de procesado de mostras sólidas e materiais. Este laboratorio é fundamental para aproveitar as capacidades que ten, entre outras, a unidade de arqueometría e caracterización de materiais. Nesta actuación contémpase a adquisición de instrumentación para equipar un laboratorio de procesado de materiais (prensa paletizadora; plataforma XY para lupa)

vi. Adquisición de equipamento de estabulación e lavado de animais: trátase de ampliar a dotación de equipamentos de estabulación e accesorios da área de lavado e experimentación coa finalidade de satisfacer a subida da demanda de servizos de estabulación de animais pola existencia de grandes proxectos de experimentación animal.



1.2. Plataforma L2A2. Plataforma laboratorio láser de aceleración e outras aplicacións

Actuacións para o mantemento e mellora dos servizos ofertados dende o L2A2; levaranse a cabo as actualizacións necesarias das diferentes etapas de amplificación do láser. Estas melloras levaranse a cabo nos elementos internos que constitúen as etapas de amplificación (cristais Ti:Shap, lentes, espellos e elementos dos sistemas de bombeo).

1.3. Laboratorio de neurociencias

Adquisición de novo equipamento científico para estudar os procesos de mielinización, claves para entender enfermidades como a esclerose múltiple ou a neuropatía diabética (PCR, centrifugadora e sala de cultivo e pequeno material de laboratorio).

1.4. Laboratorio de instrumentación robótica

Para reforzar o laboratorio de instrumentación robótica faise necesario adquirir un robot Panda de brazo articulado de Franka Emika, versión de investigación, e unha man robotizada para a manipulación precisa de *Allegro Hand de Wonik Robotics*, que son complemento para os robots móbiles existentes. Así mesmo, é necesaria a mellor dotación de instrumentación con equipamento de medida de gran precisión (osciloscopio, tarxeta de adquisición, xerador de ondas, xerador de patróns, cámara térmica, aparatos de soldadura e emulador solar).

1.5. Aula produtos lácteos e tecnoloxías alimentarias (APLTA)

- Laboratorio de microbioloxía: adquisición dun contador de colonias.
- Laboratorio de propiedades físicas: baño refrixerado (TC-550MX, *Brookfield*) de control de temperatura para a medida de viscosidade no viscosímetro rotacional; analizador automático de densidade compacta para medida en mostras pulverulentas.
- Planta piloto: integración dunha liña de envasado aséptico.

1.6. Rede estacións biolóxicas da USC (REBUSC)

- Estación hidrobiolóxica do encoro do Con: aumentar a capacidade docente do centro, proporcionado maiores recursos didácticos, orientados ás prácticas de campo e de laboratorio que complementen os coñecementos teóricos adquiridos nas aulas.
- Estación de bioloxía mariña da Graña: mellora do equipamento de laboratorio para a súa acreditación como estación de referencia na identificación de bentos mariños, e aumentar a subministración e a calidade das análises.
- Estación científica do Courel: dotar aos laboratorios de dispositivos básicos para a conservación e análise de solos, augas e biota. Mellorar a capacidade docente do centro.



2. CAPTACIÓN E RETENCIÓN DE TALENTO

Esta achega distribuirase:

2. CAPTACIÓN E RETENCIÓN DE TALENTO		
2.1. Apoio talento	Apoio programa <i>Beatriz Galindo</i>	30.000,00
	Bolsas de iniciación á investigación (master)	47.000,00
2.2. Conv. proxectos	Convocatorias específicas carácter internacional (ERC, COFUND, etc.)	20.000,00
Subtotal accións Talento		97.000,00

A finalidade desta acción é a captación de talento para potenciar a actividade investigadora de excelencia mediante a incorporación de investigadores distinguidos, coa dotación mínima necesaria para levar a cabo a súa investigación.

As actuacións a levar a cabo son:

2.1. Apoio talento

- i. Apoio programa *Beatriz Galindo*: incorporación de talento sénior do programa *Beatriz Galindo* coa captación de tres investigadores.
- ii. Bolsas de iniciación á investigación: captación dos mellores estudantes de master que inician a súa carreira investigadora.

2.2. Convocatorias proxectos

Trátase do apoio á participación en convocatorias específicas de carácter nacional e internacional fomentando a participación dos grupos de investigación en convocatorias a nivel europeo ou en outras iniciativas estratéxicas que poidan xurdir (*Next Generation*). O obxectivo é potenciar a participación do persoal investigador da USC nas convocatorias xestionadas polo Horizon Europe (HE), convocatorias do Consello Europeo de Investigación (ERC), programa COFUND (programa de investigación da Unión Europea para promover a excelencia en programas de captación de talento), etc.

3. REDEFINICIÓN ESTRUTURAS DE INVESTIGACIÓN

Esta achega distribuirase:

3. REDEFINICIÓN ESTRUTURAS INVESTIGACIÓN		
3.1 Reforzo estruturas xestión novos centros	Técnicos de xestión	33.667,00
3.2 Transformación agrupacións estratéxicas	Accións de inicio de actividade	180.000,00



3.3. Creación novos institutos investigación	Accións de inicio de actividade	40.000,00
3.4. Apoio aos centros interuniversitarios	Accións de posta en marcha dos centros	163.190,00
3.5. Plans estratéxicos Institutos	Actualización plans estratéxicos	15.000,00
	Panel de avaliación	15.000,00
Subtotal accións estruturas investigación		446.857,00

As actuacións a levar a cabo son:

Ao longo do 2021 están previstas accións de apoio para a consolidación dos centros existentes así como a posta en marcha de novos centros de investigación. Dunha parte, aproveitando as sinerxías alcanzadas coas Agrupacións Estratéxicas AEMAT, CRETUS e BIOREDES, e doutra banda, no ámbito das ciencias sociais e humanidades, coa creación de dous institutos de investigación, e, finalmente coa creación dos primeiros centros interuniversitarios de Galicia no ámbito das matemáticas (CITMAga) e das humanidades (CIPAC).

Estes novos centros requirirán durante os vindeiros anos dun apoio á xestión, tanto na xestión económica como na captación de proxectos, e dunha dotación económica inicial imprescindible para iniciar a súa andaina como centros de investigación. No caso da creación dos novos institutos en ciencias sociais e humanidades será necesario contar cunha consultora externa para a definición da axenda científica, e a elaboración dos plans de viabilidade económica e estratéxico.

As actuacións previstas para adecuar as estruturas de investigación novas ou existentes á normativa para a creación de centros e institutos de investigación virán determinadas por obxectivos estratéxicos comúns a todos eles: Gobernanza, organización e xestión (contratación de técnicos, elaboración de axendas científicas e plans estratéxicos, paneis de avaliadores externos, reunións comité asesor externo consultivo); Fomento da investigación (proxecto GEOPARD, consorcios para proxectos colaborativos, deseño de plans de xestión específicos); Fomento da transferencia (comunicación universidade-empresa, talleres...); Formación, atracción e desenvolvemento de talento (mobilidade internacional, seminarios científicos, bolsas de verán); Posicionamento internacional; Comunicación e divulgación (páxinas *web*, infraestruturas virtuais e integración de información científica, imaxe de marca e material asociado); Infraestruturas e espazos de investigación (adecuación espazos, laboratorios, etc.)



3.1. Reforzo estruturas de xestión de novos centros

Para a posta en marcha dos novos centros é necesario a incorporación de técnicos de xestión de I+D que apoiem ás novas iniciativas dende dentro da institución, na estruturación das iniciativas e como apoio ás gobernanzas dos centros.

3.2. Transformación agrupacións estratéxicas

As agrupacións estratéxicas que remataron o programa financiado pola Xunta a finais do 2020 son AEMAT, BIOREDES e CRETUS, sendo esta última unha agrupación consolidada. Nos primeiros dous casos a intención é reconvertelas en institutos de investigación.

No caso da agrupación BIOREDES ao longo do ano pasado iniciouse o proceso de avaliación de capacidades e alternativas organizativas e ao longo do ano 2021 continuarase, ao abeiro do campus Terra, co proceso conducente á creación dun novo instituto de investigación que aproveite as sinerxías conseguidas nos últimos anos

A agrupación consolidada CRETUS está en proceso de elevación como centro singular pola USC tras un proceso de avaliación externa estando pendente da reacreditación dos seus membros pola comisión científica externa.

Nos tres casos, a posta en marcha destes centros fará necesaria unha dotación inicial que lles permita continuar coas actividades que viñan desenvolvendo como agrupacións, que se organicen en estruturas de investigación e poñan en marcha o seu plano estratéxico.

As actividades a desenvolver nos vindeiros anos enmárcanse nas seguintes liñas: Divulgación: creación ou mantemento da páxina *web* e redes sociais, desenvolvemento de imaxe corporativa, actividades de extensión universitaria, xornadas de portas abertas, etc.; Actividades de impulso á investigación colaborativa: proxectos semente, organización de seminarios entre o persoal investigador mozo; Captación de fondos: financiamento de actividades de apoio á elaboración de proxectos estratéxicos de investigación; Bolsas de investigación.

3.3. Creación de novos institutos de investigación

Co obxectivo final de consolidar, estruturar e desenvolver unidades de investigación especializadas a USC abriu a finais do 2020 un proceso de presentación de manifestacións de interese por parte dos grupos de investigación que así o desexaran, co obxecto de que achegaran as súas propostas para a identificación e desenvolvemento de áreas estratéxicas de I+D+i no ámbito das áreas de ciencias sociais e humanidades. Como resultado deste proceso presentáronse 6 expresións de interese que guiarán a articulación das capacidades destes grupos en torno a dúas iniciativas de institutos de investigación nos eidos das ciencias sociais e das humanidades.



Para poder acometer estas iniciativas é necesario contar co apoio de consultoras externas, que complementen as capacidades propias da institución, para a definición da axenda científica, e a elaboración dos plans de viabilidade económica e estratéxico no 2021, así como unha pequena dotación para accións/seminarios de inicio de actividade. De forma complementaria, faranse seminarios/xornadas no ámbito da axenda estratéxica na que se contará con expertos de relevancia que axuden a validala, e en competencias transversais orientadas a investigadores mozos.

3.4. Apoio aos centros interuniversitarios

Existen, entre as tres universidades experiencias de traballo conxunto, en proxectos, na creación de redes de investigación, plataformas científicas, que confirman a necesidade de seguir apostando por unha colaboración científica que vai máis alá dos límites institucionais e permitan a colaboración dos diferentes grupos en estruturas comúns.

As tres universidades galegas están traballando na creación de dúas iniciativas, novidosas, de creación de centros de investigación interuniversitarios:

- i. Centro de Investigación e Tecnoloxía Matemática de Galicia (CITMAga), coas seguintes actuacións: Dotación ferramentas xestión colaborativas, sede, definición imaxe marca, páxina *web*, etc.; Elaboración dun plan de financiamento competitivo (redacción e posta en marcha do plan, contratación de persoal técnico especializado) Convocatoria interna de proxectos colaborativos; Convocatorias de atracción de talento, etc.; Gastos en viaxes, redes de colaboración con outros centros de investigación en matemáticas, sinalización, rexistro da marca, etc.
- ii. Centro de Investigación das Paisaxes Atlánticas Culturais (CIPAC): é un proxecto que ten os seus inicios no 2017, para a creación dun centro interuniversitario no campo das ciencias sociais e humanas co obxectivo de aglutinar todo o coñecemento neste ámbito, coa cooperación das tres universidades do SUG.

Para iniciar a súa andaina como centro de investigación, levaranse a cabo as seguintes actuacións: Desenvolvemento da imaxe corporativa e sede virtual: páxina *web*, redes sociais, ferramentas de xestión, etc.; Convocatoria interna de proxectos colaborativos coa finalidade de fortalecer a axenda científica do centro; Programa de apoio á captación de recursos competitivos: presentación de proxectos a convocatorias nacionais e internacionais; Promoción da transferencia de coñecemento: difusión da carteira de servizos e capacidades do centro para dar a coñecer a súa oferta científica; Divulgación científica: actividades presenciais e virtuais arredor da axenda científica e a valorización das ciencias sociais e humanidades como medio para o desenvolvemento das sociedades; Desenvolvemento do sistema de información patrimonial de Galicia (SIPAG) do proxecto GEOPARD: base de datos dos BIC (Bens de Interese Cultural); arquivo fotográfico; arquivo documental, novos mapas BIC, etc.



3.5. Desenvolvemento plans estratéxicos dos institutos/centros

No ano 2016 empezou unha reformulación dos institutos de investigación da USC. A avaliación daqueles institutos levou á supresión dalgún deles e a reformulación do resto. Durante os últimos catro anos, estes institutos actualizaron as súas axendas de investigación e adscribiron novos investigadores. A normativa de funcionamento e creación dos institutos de investigación da USC aprobada en 2017 indica que estes deben ser avaliados periodicamente por unha comisión externa. Esta acción pretende, dunha banda avaliar os Institutos e doutra adecuar os plans estratéxicos e axendas científicas segundo os requirimentos dos avaliadores.

- Avaliación dos institutos/centros de investigación: nomearase unha comisión de avaliación externa dos institutos formada por investigadores con experiencia na dirección e/ou xestión de centros de investigación en España. Esta comisión avaliará a traxectoria do instituto/centro nos últimos anos así como os efectos e melloras que os cambios producidos pola entrada de novo persoal investigador e a posta en marcha dunha nova axenda científica tense producidos no centro. A comisión avaliará tamén, se procede, a adecuación ao plan estratéxico que se aprobou polo consello reitor do instituto.
- Actualización dos plans estratéxicos dos institutos/centros: como unha posible consecuencia dos informes da comisión de avaliación dos institutos/centros pode ser necesario a revisión das axendas científicas, o plan estratéxico e o plan de viabilidade económica do mesmo; para este fin contratarase unha asistencia técnica.

4. ACCIÓNS TRANSVERSAIS DE I+D+i

Esta achega distribuirase:

4. ACCIÓNS TRANSVERSAIS I+D+i		
4.1 Axudas investigación	Axudas uso infraestruturas científicas	40.000,00
	Axudas publicacións Q1 en aberto	40.000,00
	Programa axudas á difusión da investigación na USC	20.000,00
Subtotal axudas investigación		100.000,00
4.2. Dinamización	Dinamización Rede OTRI SUG	9.000,00
	Xornada de portas abertas e bolsas de verán	80.000,00
	Programa de activación cultura emprendedora	25.000,00
	Apoio experimento en microgravidade	20.000,00
	Mellora docencia inglés nos graos e comp. transversais doutoramentos	45.000,00
	Accións de mellora da calidade dos masters	17.500,00
Subtotal accións dinamización		196.500,00
Subtotal accións transversais I+D+i		296.500,00



As actuacións a levar a cabo son:

4.1. Axudas investigación

- i. Axudas para uso das infraestruturas científicas: ten por obxecto facilitar o acceso aos servizos de uso xeral dependentes da vicerreitoría de Investigación e Innovación, tanto nas unidades da área de Infraestruturas de Investigación como na rede de Estacións Biolóxicas (REBUSC), a aqueles grupos de investigación que manteñan unha actividade investigadora acreditada.
- ii. Axudas a publicacións científicas Q1 en aberto: ten obxecto mellorar a presenza da USC nos *rankings* internacionais incentivando a publicación en aberto dos seus resultados de investigación nas máis prestixiosas publicacións do JCR, *Scopus* e outras bases de datos de recursos bibliográficos electrónicos de referencia.
- iii. Programa de axudas á difusión da investigación: diante do prestixio académico que as revistas científicas editadas pola USC achegan á institución, resulta imprescindible, ademais de articular políticas editoriais específicas de natureza institucional cara ás mesmas por parte da USC, un investimento indispensable na implementación e, no seu caso, actualización permanente dos ecosistemas tecnolóxicos de última xeración (nomeadamente *Open Journal Systems 3.0*; formatos de preservación XML JATS e de saída .pdf, *ePub* e .html), que no só faculten senón impulsen e incrementen progresivamente a penetración académica, impacto, presenza destacada en índices de citas e bases de datos, en definitiva, a súa calidade, competitividade e presenza na primeira liña do ámbito científico das súas respectivas disciplinas, como indicadores rigorosos da actividade investigadora da universidade.

4.2. Accións de dinamización da I+D+i

- i. Dinamización Rede OTRI SUG: reunión anual da Rede OTRI (Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación) promovendo unha reunión das tres universidades do SUG (con participación da Secretaría Xeral de Universidades, GAIN...) para facilitar a súa relación a nivel técnico, a discusión de iniciativas conxuntas, proxectos, procura de sinerxías, posta en común das súas actuacións estratéxicas, etc. No ano 2021 farase cargo a USC e no ano 2022 farase cargo a UVigo.
- ii. Xornada de portas abertas e bolsas de verán: actividades de divulgación á sociedade das actividades de investigación dos centros. As bolsas de verán son unha actividade fundamental de atracción de talento, e de visibilización dos centros singulares e da súa actividade investigadora, principalmente a nivel nacional. Estudantes brillantes cursando os últimos cursos de grao desenvolven actividades de iniciación de investigación durante un mes nos centros. Por outra banda, o programa de portas abertas (ciencia singular) é fundamental para poñer en contacto á sociedade coa actividade que se desenvolve nos centros singulares de investigación.



iii. Programa de activación da cultura emprendedora: programa de actividades vinculadas ao emprendemento para que tanto o alumnado, como o persoal investigador, se expoña á creación dunha empresa como alternativa de saída ao mercado laboral; realizaranse seminarios de difusión da cultura emprendedora; actividades de presentación da Área de Valorización, Transferencia e Emprendemento para dar a coñecer as ferramentas da USC co fin de estimular a creación de empresas; fomentar a participación en concursos (por exemplo ARGOS); apoio na elaboración de plan de empresa á comunidade universitaria; *Coaching* ou titorización do proxecto nas primeiras fases de desenvolvemento; estudo dos factores que limitan a capacidade emprendedora na universidade (prexuízos de xénero, factores educacionais, económicos...); estudo da aplicabilidade comercial do resultados obtidos polos grupos de investigación que están a desenvolver a súa actividade investigadora.

iv. Apoio á experimentación en microgravidade: O experimento ZePrion, seleccionado pola Fundación *Keren Ramon*, xunto con outros, levarase a cabo como parte da submisión israelí Rakia, á súa vez parte do Axioma 1. O Axioma 1 é a primeira misión totalmente privada na Estación Espacial Internacional, cun foguete SpaceX. O experimento, no que participan, ademais da USC, a Universidade de Trento, a Universidade de Tel Aviv, a empresa SpacePharma, o Instituto Italiano de Física Nuclear e a Fundación Israel Creutzfeldt-Jakob. O orzamento destínase a contratar un técnico para realizar as expresións, caracterizacións e avaliación das proteínas, para consumibles (columnas de afinidade, xeles para SDS-PAGE, material plástico...), para o deseño de plásmidos de expresión e para a loxística de transporte de material Santiago / Trento / Tel Aviv / Cabo Cañaveral.

v. Accións de mellora da docencia en inglés nas titulacións de grao e das competencias transversais nos estudos de doutoramento: no curso académico 2018-2019 a Facultade de Química da USC comezou a impartir un grupo en lingua inglesa da súa titulación oficial de Grao en Química, cunha oferta anual de 20 prazas de novo ingreso. Realizaranse actividades vinculadas á mellora da titulación, en particular co recoñecemento europeo do Grao en Química, mediante a consecución da etiqueta *Chemistry Eurobachelor*®. A obtención deste selo, desenvolvido pola *European Chemistry Thematic Network Association* (ECTN), redundará nun mellor posicionamento do Grao en Química a nivel internacional, así como no melloramento da captación de estudantado estranxeiro para o grupo en inglés e das capacidades do alumnado nacional que cursa o grao nese grupo diferenciado de cara á súa incorporación ao mercado laboral europeo.

Por outra banda, dentro da estratexia de transformación tecnolóxica e dixital integral emprendida pola USC, identificáronse unha serie de actuacións consideradas como prioritarias no eido académico e de xestión dos estudos de doutoramento. Entre estas actuacións atópase o desenvolvemento das actividades formativas dos estudos de doutoramento, tanto de carácter transversal (entre outras, as relacionadas coa adquisición e mellora de competencias lingüísticas noutras linguas, nomeadamente en inglés) como de



carácter específico de cada programa de doutoramento. O desenvolvemento desta acción permitirá ofrecer ao estudiantado de doutoramento unha formación complementaria a súa actividade investigadora, que contribúa a fortalecer as súas competencias e habilidades, incrementar a oferta formativa que realiza a universidade neste ámbito e flexibilizar a súa impartición, así como facilitar e mellorar o seguimento da súa aprendizaxe. Dadas as súas características, esta acción está claramente vencellada ao selo europeo de calidade *HR Excellence in Research*, outorgado á USC en 2017.

vi. Accións para a mellora da calidade dos master: mellora da calidade das titulacións de master que oferta a institución, actuacións que permitan aumentar o seu prestixio e incrementar o seu atractivo para o estudiantado nacional e internacional, así como a súa capacidade de retención do talento. Sinálanse a continuación algunhas das actuacións previstas para potenciar a calidade dos master que imparte a USC a fin de que poidan optar no futuro a acadar a distinción de master de excelencia:

1. Accións encamiñadas a mellorar as taxas de ocupación dos master e a porcentaxe de alumnado estranxeiro (fóra do que se incorpora a través de programas de mobilidade). Organizaranse eventos informativos en liña e campañas de marketing dixital, adquisición de licenzas de uso de plataformas para a xestión dos programas formativos de máster nas *webs* de busca de estudos de educación superior a nivel mundial, así como a elaboración de material audiovisual promocional da oferta formativa da universidade.
2. Accións para o fomento do emprego de enfoques e metodoloxías docentes innovadoras, en particular aquelas que implican unha vinculación directa e efectiva coa sociedade e atende ás súas necesidades, como o aprendizaxe-servizo, que combina obxectivos de aprendizaxe co servizo á comunidade.
3. Accións de potenciación das competencias para a empregabilidade, adiantándose así ás necesidades que a sociedade demanda. Neste ámbito, deseñárase un programa de formación en emprendemento e autoemprego e de orientación laboral para o estudiantado, coordinado dende o Observatorio de Empregabilidade da USC.

5. ACCIÓNS NOVOS GRAOS

Esta achega distribuirase:

5. ACCIÓNS NOVOS GRAOS		
5.1. Campus Lugo	Técnico FP Robótica apoio laboratorios	19.000,00
	Accións Grao en Robótica. Laboratorios	131.520,00
	Accións Grao en Bioquímica. Laboratorios	187.053,00
	Accións Facultade Veterinaria. Simulador	49.864,00
	Accións Grao en Empresa e Tecnoloxía	29.300,00
Subtotal accións novos graos		416.737,00



As actuacións a levar a cabo son:

- i. Técnico FP Robótica apoio laboratorios: incorporación dun técnico especialista de investigación para xestionar e manter os equipos dos laboratorios do Grao de Robótica.
- ii. Accións Grao en Robótica. Laboratorios: actuacións diversas en infraestruturas e equipamento para a adecuación deste grao.
- iii. Accións Grao en Bioquímica. Laboratorios: igual que no caso anterior son necesarias intervencións de reforma, mellora e dotación de equipamento deste grao.
- iv. Accións Facultade Veterinaria. Simulador: adquisición dun simulador, modelo equino completo de tamaño real para palpación de cólico, está desenvolvido por *Veterinary Simulator Industries* para a súa utilización en diversas prácticas como toma de mostras sanguíneas, exploración rectal e un dos procesos máis frecuentes nos cabalos como o cólico equino. Por outra banda, un modelo canino para a realización de prácticas de intubación e respiración asistida complementará o laboratorio de formación.
- v. Accións Grao en Empresa e Tecnoloxía: as necesidades para este novo grao están orientadas á actividades de difusión e promoción (desenvolvemento *web*, *hosting*, dominio e certificado SSL); creación do *Tech Lab* Empresa e Tecnoloxía, *TechLab EeT* espazo para desenvolver proxectos e ideas de negocio dixital (postos de traballo, servidor equipado con ODU, contratación de servizos de *cloud computing* e organización de talleres tecnolóxicos); Desenvolvemento e implantación dun *business game* (simulador para aproximarse á xestión empresarial).

6. OBRAS SINGULARES

Esta achega distribuirase:

6. OBRAS SINGULARES		
6.1. IGFAE	Obras sede IGFAE	460.000,00
6.2. Lab. Radiofísica	Obras de ampliación plataforma tecnolóxica de Radiofísica	50.000,00
6.3. Espazos investigac.	Obras de adecuación de diferentes espazos de investigación	172.000,00
Subtotal obras investigación		682.000,00

As actuacións a levar a cabo son:

6.1. IGFAE (Instituto Galego de Física de Altas Enerxía). Obras sede IGFAE

O Instituto Galego de Física de Altas Enerxías (IGFAE) é un centro de investigación conxunto da USC e da Xunta de Galicia, creado oficialmente o 2 de xullo de 1999. O



obxectivo principal do Instituto é coordinar e fomentar a investigación científica e técnica no campo da física de alta enerxía, física de partículas e nuclear e en áreas relacionadas como a astrofísica, a física médica ou a instrumentación. O aumento de actividade do centro e as disfuncións que foron xurdindo fan necesario ampliar e reformar as súas instalacións.

As actuacións previstas para a primeira fase (licencia, actuacións previas de licitación, demolicións, estudos ...) incluída neste Convenio son actuacións de reforma nas zonas comúns, despachos e áreas de uso xeral que inclúen a reposición de pavimentos, levantamento de paramentos, instalacións de electricidade, calefacción, climatización e telecomunicacións, acabados e as actuacións típicas de dependencias de uso xeral. As intervencións en laboratorios comprenden as actuacións xerais de construción e instalación e aquelas específicas das instalacións características de cada tipo de laboratorio.

6.2. Laboratorio de Radiofísica. Obras de ampliación plataforma tecnolóxica Radiofísica

O Laboratorio de Radiofísica da USC é unha instalación científica singular dotada de equipos emisores de radiación ionizante e equipos de medida de calidade metrolóxica que permiten prestar servizos de transferencia tecnolóxica e I+D+i de alto impacto e de forma transversal aos sectores aeroespaciais, sanitario, industrial e científico. Os servizos principais, únicos en España, concréntanse en: calibración dos instrumentos de medida de dose para os centros de radioterapia; irradiación de compoñentes electrónicos para a industria aeroespacial; e, radioterapia veterinaria.

A demanda destes servizos incrementou considerablemente nos dous últimos anos grazas a incorporación dun acelerador lineal e ó equipamento auxiliar, provocando unha saturación da instalación. Co obxectivo resolver a saturación incrementando a capacidade de prestación de servizos levaranse a cabo as seguintes actuacións: construción dunha nova sala de irradiación adicional; traslado irradiadores á nova sala e recarga da fonte de cobalto 60. Estas actuacións deben ir acompañadas da adquisición do equipamento auxiliar necesario así como do correcto mantemento dos equipos para garantir a calidade dos servizos prestados.

6.3. Actuación espazos de investigación. Adecuación de espazos

Preténdese mellorar algúns espazos de investigación que permitan favorecer proxectos de investigación comúns e as sinerxías entre os investigadores. Isto supón que nalgún dos edificios deben acometerse pequenas obras para adecuar estes espazos de *co-working* (acometidas de gas, instalacións eléctricas e de datos, pequeno mobiliario, obras de mampostería, etc). No ano 2020 a USC obtivo varios proxectos ERC (StG y CoG) e captou tres investigadores *Oportunius* externos á Universidade. O desenvolvemento destes proxectos, así como a captación e retención destes investigadores, require dunha dotación e adecuación de laboratorios nos centros de investigación nos que se incorporan.



Por outra banda, a reordenación dos centros de investigación da USC e a creación doutros xera unha serie pequenas actuacións de reacondicionamento dos espazos de investigación. Estes espazos requiren diversas obras de acondicionamento tales como instalación eléctrica, mampostería, pequeno mobiliario, instalación da rede de datos, canalización de gases, ventilación, etc.

7. COMPLEXO INTERUNIVERSITARIO FONTÁN

7. COMPLEXO UNIVERSITARIO FONTÁN		
7.1. Adecuación espazos	Instalación de electrónica e comunicacións	119.723,00
	Mobiliario e equipamento singular	596.424,00
Subtotal Fontán		716.147,00

No ano 2021 rematarán as obras de construción do Edificio Fontán na Cidade da Cultura de Santiago de Compostela. O Edificio Fontán albergará un complexo universitario formado por varios organismos e unidades dependentes das universidades galegas, compartindo o edificio con outros usos. Así, trasladarase a esta localización o Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia (CISUG), tanto no que se refire aos seus efectivos de administración como á unidade que da servizo ás bibliotecas universitarias e mais a Comisión Interuniversitaria de Galicia (CIUG). O edificio será a sede central do Centro de Investigación Interuniversitario das Paisaxes Atlánticas Culturais (CIPAC) ao que se trasladarán o persoal investigador e os equipamentos propios do centro.

O Edificio Fontán dispón dos servizos e instalacións comúns mais para poder ocupar os espazos as unidades e centros relacionados anteriormente é preciso completar o equipamento dos despachos e laboratorios coa adquisición e instalación do mobiliario e as instalacións de electrónica e telecomunicacións necesarias.

TERCEIRA.- Obrigas

De acordo coa lexislación vixente, as partes comprométense:

A Consellería comprométese a colaborar no financiamento do gasto realizado pola USC para impulsar as accións descritas neste convenio.

A USC comprométese a desenvolver as accións descritas así como facer constar en calquera tipo de publicidade e información que realice ao respecto a participación e a colaboración da Consellería de Cultura, Educación e Universidade. No caso de obras debe comunicar a data de concesión da licenza de obra, a contía da adxudicación da obra e o inicio dos traballos.

De conformidade co artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non poderá realizarse o pagamento da subvención en tanto a USC non se atope



ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non teña pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

CUARTA.- Financiamento

A dotación da Consellería para este convenio é de tres millóns centro oitenta e seis mil setecentos sesenta e oito euros (3.186.768,00 €), con cargo á aplicación orzamentaria 10.20.561B.744.0 (código de proxecto 2016 00129) no marco do Plan de financiamento do Sistema universitario de Galicia 2016-2020 (aprobado polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 29 de outubro de 2015, DOG número 221, do 19 de novembro), que se atopa prorrogado en 2021 ao abeiro do disposto no artigo 36 da Lei 7/2019, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Esta cantidade de 3.186.768,00 € trátase dun importe certo e corresponde ao financiamento das actividades recollidas neste convenio, estando ao disposto no artigo 21.2 do regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Os importes das axudas irán destinadas a financiar os seguintes conceptos, sempre que de maneira indubidable respondan á natureza das actividades obxecto do convenio, tales como:

- Custo de contratación de persoal investigador, persoal xestor, etc.
- Equipamento inventariable, material funxible e mobiliario; dotación de laboratorios.
- Material bibliográfico, cotas asociacións, congresos, coloquios, etc., así como adhesión a sociedades científicas.
- Organización de actividades de difusión, así como presenza en medios de comunicación, vídeos, xornadas e reunións científicas.
- Dietas de viaxe e aloxamento.
- Actividades formativas: cursos e talleres.
- Axudas á organización de congresos.
- Ferramentas de xestión do coñecemento e a información, tales como aplicacións informáticas, bases de datos, licenzas, etc.
- Servizo de consultoría e asesoramento externo para estudos e actividades complementarias.



- Elaboración de proxectos de obras ou reformas, contratación e execución das mesmas.

No caso de existir baixas económicas nas adxudicacións realizadas ou no caso de que non se poidan adxudicar as obras establecidas neste convenio, poderanse incluír aqueles investimentos en equipamento científico-tecnolóxico, infraestruturas de equipamento e mobiliario de laboratorio ou pequenas reformas, previa comunicación.

A axuda é compatible con outras concedidas para o mesmo fin, pero, en ningún caso, o importe da subvención achegada pola Consellería poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións, supere o custo da actividade subvencionada, tal como se establece no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

De conformidade co artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e de conformidade co establecido no artigo 11.e) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, a obriga de presentar a certificación do cumprimento de obrigas coa Administración pública da comunidade autónoma, coa Administración do Estado e coa Seguridade Social substituirase por unha declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración.

QUINTA.- Fórmula de pagamento

Para o pagamento, a universidade achegará antes do 15 de decembro de 2021, a seguinte documentación:

- Unha certificación expedida polo órgano de control que corresponda na que se acredite a toma de razón en contabilidade, que se cumpriu a finalidade do presente convenio e que os fondos foron destinados a este fin, así como o detalle da realización dos gastos e dos pagamentos.
- Unha memoria explicativa das actividades desenvolvidas con cargo aos fondos recibidos que, como mínimo, deberá desglosar de forma individualizada cada unha das actuacións descritas neste Convenio (7), cos conceptos, procedementos de contratación, períodos de realización e pagamento dos gastos presentados, así como calquera outra información considerada relevante. En todo caso, a Universidade deberá custodiar e conservar toda a documentación xustificativa derivada dos compromisos deste convenio (facturas ou documentos contables de valor probatorio equivalente, contratos, actas, xustificantes de transferencias bancarias ou calquera outra que sexa



necesaria) e poñela a disposición do órgano xestor, ou demais órganos de control, no momento en que esta lle poida ser requirida.

- Unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para este fin, das distintas administracións públicas.
- Así mesmo, deberase presentar unha declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración.

De acordo co previsto no parágrafo primeiro do artigo 31.6 da Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán realizarse pagos a conta. Os ditos pagos poderán supoñer a realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada.

SEXTA.- Responsabilidade

A subscrición do presente convenio non supón relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os/as profesionais que vaian desenvolver as actividades e a Consellería, de tal xeito que non se lle pode exixir ningunha responsabilidade, indirecta nin subsidiaria, polos actos ou feitos acontecidos no seu desenvolvemento.

SÉTIMA.- Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio ou coñecemento de calquera cuestión sobre a interpretación, modificación, resolución ou efectos deste que poidan xurdir, créase unha comisión mixta constituída do seguinte modo:

- Tres membros da Secretaría Xeral de Universidades, dos que un actuará como presidente/a.
- Tres membros da Universidade de Santiago de Compostela.

Esta comisión actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio, e promoverá, se o considera conveniente, outras actuacións que poidan enriquecer o seu desenvolvemento.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida serán resoltas pola Consellería.



OITAVA.- Vixencia do convenio

O presente convenio entrará en vigor coa sinatura dixital do último dos asinantes, sen prexuízo de que poida atender accións realizadas desde o 1 de xaneiro de 2021, e terá vixencia ata o 31 de decembro do 2021.

Non obstante o establecido no apartado anterior, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por renuncia dalgunha ou por denuncia deste por incumprimento dalgunha delas, o que se comunicará fidedignamente, logo de audiencia desta e con, polo menos, un mes de antelación. En calquera destes casos procederase á revogación da axuda, así coma ao reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

NOVENA.- Natureza do convenio

De acordo co establecido no artigo 36 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, este convenio ten un interese público, xa que de conformidade co previsto nos artigos 53 e 54 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia (DOG núm. 125, do 3 de xullo) corresponde á Xunta de Galicia, a través da Consellería, coordinar as universidades do SUG para acadar a mellora da docencia, a investigación, a extensión universitaria, a promoción, a adaptación ás demandas e necesidades da sociedade e a realización de estudos no ámbito da docencia, investigación, innovación, xestión, ...

As actuacións de mellora de I+D+i, estenderanse ás tres universidades galegas, potenciando a racionalización do mapa universitario e concretándose na promoción, deseño e materialización dos instrumentos necesarios para mellorar o financiamento estrutural da súa actividade investigadora.

A tal fin asínanse convenios singulares coas outras universidades do SUG adaptados á realidade e necesidades de cada unha delas. Polo tanto, non é necesario promover a concorrència competitiva por tratarse dunha acción coordinada que inclúe a todos os posibles beneficiarios para o mesmo fin.

Este convenio de colaboración ten a natureza dos previstos no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, e realízase ao amparo do establecido nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015 do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, rexéndose polo establecido nas súas cláusulas e polo



establecido na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no seu Regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

De acordo co disposto na comunicación da comisión sobre o Marco de axudas estatais de investigación e desenvolvemento e innovación (2014/C 198/01), publicado no Diario Oficial da Unión Europea do 27 de xuño de 2014, a subvención contemplada neste convenio non constitúe axuda de Estado nos termos do artigo 107 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ao tratarse de financiamento público de actividades non económicas como instrumento axeitado para dar resposta a obxectivos e fins de interese común, en particular, a coordinación e cooperación como elemento relacional básico para a racionalización do mapa universitario e o fortalecemento do conxunto das universidades galegas respectando a identidade de cada unha delas (artigo 2, 1,c da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia).

Non obstante a USC deberá garantir que as actividades derivadas deste convenio axústanse ás normas procedimentais e materias vixentes no momento da concesión da axuda, debendo informar á Consellería por medio da comisión de seguimento.

DÉCIMA.- Publicidade

Segundo a disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a USC consente expresamente para que a Administración inclúa e faga públicos, nos rexistros regulados neste decreto, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas.

A reserva que puideran facer as beneficiarias no sentido de non autorizar a obtención dos datos ou a publicidade destes nos rexistros, que en todo caso terán que expresarse, poderá dar lugar á exclusión do proceso para obter a axuda ou á revogación do acto de outorgamento.

Así mesmo, a partes asinantes deste convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan no mesmo, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

As subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, estarán sometidas ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.



En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de acordo co indicado na actual redacción do artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e segundo o disposto nos artigos 3.1. b) e 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a información correspondente ao presente convenio publicarase na Base de Datos Nacional de Subvencións.

DÉCIMO-PRIMEIRA.- Resolución de controversias

O presente convenio réxese en canto a súa interpretación e desenvolvemento polo ordenamento xurídico administrativo, con expresa submisión das partes á xurisdición contencioso-administrativa, nos termos que se establecen no artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

De acordo co establecido no artigo 53 da dita lei este convenio deberá ser remitido ao Consello de Contas nos termos que no mesmo se establecen.

Lido por todas as partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, asínano dixitalmente.

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación e Universidade

Antonio López Díaz
Reitor da Universidade de Santiago de Compostela (USC)

